



## ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

En data 04/10/2023 reúne o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de auxiliar administrativo do Concello de Coristanco ás 12.00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial con fin de resolver as alegacións presentadas no período para elo concedido.

**Primeira.-** Por parte de D<sup>a</sup> Isabel Mallo Buño (RE nº 202399900001313 de data 22/09/2023) preséntase instancia no rexistro telemático deste concello na que se contén unha serie de apreciacións sobre dar como correcta algunha das respostas do exame:

-Da pregunta nº 34 dase por correcta inicialmente a resposta a) cando a opositora entende que a correcta debería ser a resposta d).

Esta reclamación é **ESTIMADA** polo tribunal e procede a entenderse como correcta a resposta d) á pregunta nº 34 en tanto que a resposta a) non é completa toda vez que a publicación no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma no caso das uniprovinciais efectivamente non consta no enunciado da pregunta, polo tanto a resposta non é completa como indica a opción d).

-Da pregunta nº 76 dase por correcta inicialmente a resposta b) cando a opositora entende que a correcta debería ser a resposta c).

Esta reclamación é **ESTIMADA** polo tribunal a resposta correcta é a c) atendendo a literalidade do artigo 156.2 da LCSP.

**Segunda.-** Por parte de D<sup>a</sup> Berta Lorenzo Pazos (RE nº 202399900001315 de data 23/09/2023) preséntase instancia no rexistro telemático deste concello na que se contén unha serie de apreciacións sobre dar como correcta algunha das respostas do exame:

-Da pregunta nº 7 dase por correcta inicialmente a resposta a) cando a opositora entende que a correcta debería ser a resposta d).

Esta reclamación é **DESESTIMADA** polo tribunal en tanto que a pregunta se formula nos seguintes termos: "As bases de execución do orzamento xeral para cada exercicio NON precisa regular unha das seguintes materias". As respostas b), c) e d) recollen materias especificadas no artigo 9.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Sen embargo, a redacción da resposta a) da pregunta 7 do exame reza da seguinte forma "A relación de créditos que se declaren **AMPLIADOS**", mentres que o artigo 9.2.b), arriba indicado, fala dos "créditos que se declaren **AMPLIABLES**, con detalle dos recursos afectados". Razón pola cal se entende que a resposta a) da pregunta 7 do exame é a correcta.

-Da pregunta nº 13 dase por correcta inicialmente a resposta d) cando a opositora entende que as respostas a), b) e c) son correctas, polo que debería anularse esta pregunta e substituíla por outra de reserva.

Esta reclamación é **DESESTIMADA** polo tribunal en tanto que a pregunta se formula nos seguintes termos: "Sinale a resposta **INCORRECTA**" procedendo a continuación a relatar nos apartados a), b) e c) respostas correctas en relación aos dereitos que constitúen o feito imposible



do Imposto sobre bens inmobles. Será entón, a "d) Ningunha é correcta" a resposta que se está a buscar, en tanto que todas as anteriores son correctas.

-Da pregunta nº 73 dase por correcta inicialmente a resposta a) cando a opositora entende que debería anularse esta pregunta e substituíla por outra de reserva.

Esta reclamación é **ESTIMADA** polo tribunal e procede a ANULAR esta pregunta, en tanto en canto existen varias respostas incorrectas (a, b e d) tal e como apunta a opositora, e procédese a substituíla por unha pregunta de reserva establecidas a este efecto.

-Da pregunta nº 76 dase por correcta inicialmente a resposta b) cando a opositora entende que a correcta debería ser a resposta c).

Esta alegación xa foi estimada.

-Solicita tamén a opositora a revisión do seu exame en relación ao número de respostas dadas por correctas. A opositora entende que ten 48 preguntas correctas cando na acta consta que se alzou con 47 preguntas correctas.

Neste punto o tribunal procedeu a revisar a corrección inicial e constata que o número total de preguntas contestadas correctamente de forma inicial ascendían a 47 (débase ter en conta o número total de preguntas contestadas, o número de preguntas correctamente contestadas e o número de respostas incorrectas -3 preguntas mal contestadas supón unha pregunta ben contestada que se resta-).

Advírtese que a opositora rectificou algunhas preguntas que tiña correctamente contestadas, o Tribunal entende que a confusión da opositora é debida a esto.

De calquera xeito, e en atención aos cambios na plantilla que se están a tratar, así como a substitución de preguntas iniciais por preguntas de reserva, a puntuación final desta opositora variará tal e como se fai constar no cadro relacionado máis abaixo.

**Terceira.-** Por parte de D<sup>a</sup> Cristina Rodríguez Cebreiro (RE nº 202399900001337 de data 27/09/2023) preséntase instancia no rexistro telemático deste concello na que se contén unha serie de apreciacións sobre dar como correcta algunha das respostas do exame:

-Da pregunta nº 16 dase por correcta inicialmente a resposta c) cando a opositora entende que ningunha das opcións é correcta.

Esta reclamación é **ESTIMADA** polo tribunal e procede a ANULAR esta pregunta, en tanto en canto ningunha das opcións é correcta. Procédese así a substituíla por outra preguntas de reserva establecidas a este efecto.

-Da pregunta nº 38 dase por correcta inicialmente a resposta d) cando a opositora entende que a correcta debería ser a resposta a).

Esta reclamación é **ESTIMADA** polo tribunal xa que procede a ANULAR esta pregunta, en tanto en canto as respostas a) e b) son correctas (non só a resposta a) que sinala a opositora). Procédese así a substituíla por unha das preguntas de reserva establecidas a este efecto.

-Da pregunta nº 75 dase por correcta inicialmente a resposta b) cando a opositora entende que ningunha das opcións é correcta.

Esta reclamación é **ESTIMADA** polo tribunal e procede a ANULAR esta pregunta, en tanto en canto ningunha das opcións é correcta. Procédese así a substituíla por unha das preguntas de reserva establecidas a este efecto.



-Da pregunta nº 76 dase por correcta inicialmente a resposta b) cando a opositora entende que a correcta debería ser a resposta c).  
Esta alegación xa foi estimada

Examinadas totas as alegacións presentadas en tempo e forma legais, procédese a realizar unha nova valoración das respostas dos exames dos opositores, tanto das preguntas iniciais como das preguntas de reserva necesarias para cubrir en número a aquelas que foron anuladas (un total de catro) aos efectos de axustalos ás correccións/anulacións estimadas.

O resultado da dita valoración é o seguinte:

APELIDOS E NOME	RESPOSTAS INICIALMENTE CONSIDERADAS CORRECTAS	RESPOSTAS CORRECTAS TRAS AS ALEGACIONES	PUNTUACIÓN NUMERICA FINAL
CABANAS VIERAS MARIA GABRIELA	SUSPENSO		
CASTIÑEIRA GARCIA JOSE ANTONIO	SUSPENSO		
COUSILLAS PEREIRO SHEILA MARIA	72	69	7,659
DIAZ COTELO PABLO	SUSPENSO		
DOVAL PAZOS BRAIS	49	48	5,328
ESPIÑEIRA ESMORIS ESTELA MARIA	SUSPENSO		
FERNANDEZ NUÑEZ MIREIA	SUSPENSO		
FERNANDEZ FELIZ ELISA	SUSPENSO		
FERREIRO MARZOA NOELIA	SUSPENSO		
FREIRE RICO SILVIA	SUSPENSO		
GARCIA CASTAÑO SUSANA MARIA	SUSPENSO		
GOMEZ BOLON DANIEL	SUSPENSO		
IRIGOYEN VAZQUEZ SERGIO	SUSPENSO		
LONGUEIRA REY ANA ISABEL	SUSPENSO		
LORENZO PAZOS BERTA	47	45	5,000
MALLO ANTELO MARIA PILAR	SUSPENSO		
MALLO BUÑO ISABEL	50	52	5,772
MOREIRA SECO ANA BELEN	SUSPENSO		
NUÑEZ GARCIA TATIANA MARIA	SUSPENSO		
OSINDE VAZQUEZ MONICA	SUSPENSO		
PADIN REY JESSICA	51	54	5,994
PALLAS ALDAO SARA	SUSPENSO		
PARIS GOMEZ IRIS	SUSPENSO		
PASTORIZA GARCIA MARIA JOSE	SUSPENSO		
PAZOS SANCHEZ EMMA	SUSPENSO		
PEREZ GARCIA ANA MARIA	SUSPENSO		
PINAL SEOANE SILVIA MARIA	SUSPENSO		
RAMA NUÑEZ MARIA DEL PILAR	SUSPENSO		



RODRIGUEZ PATIÑO MARIA FLOR	SUSPENSO		
RODRIGUEZ BENLLOCH FERNANDO	55	57	6,327
RODRIGUEZ CEBREIRO CRISTINA	SUSPENSO		
RODRIGUEZ PAREDES MONICA	SUSPENSO		
RODRIGUEZ SUAREZ BEATRIZ	SUSPENSO		
RODRIGUEZ SUAREZ SILVIA	SUSPENSO		
ROJO PALLAS PATRICIA	SUSPENSO		
SUAREZ POSE SERGIO	SUSPENSO		
TRILLO GONZALEZ MARIA BELEN	SUSPENSO		
VALLES RECHON ANA INMACULADA	SUSPENSO		
VAZQUEZ ARIAS ANXO	SUSPENSO		
VAZQUEZ ARIAS DANIELA	SUSPENSO		
VILELA GOÑEZ ALMA MARIA	SUSPENSO		

Obsérvase que ningún dos aspirantes inicialmente suspenso accede á categoría de aprobado, de igual xeito que ningún opositor inicialmente aprobado suspende. Unicamente varía o número de preguntas acertadas por cada un deles e con elo a nota numérica final do exercicio.

O Tribunal concorda establecer os seguintes criterios de corrección do segundo exame da oposición dacordo co disposto na Base 6ª in fine:

- O exame constará de 10 preguntas curtas.
- Cada pregunta curta terá unha unha valoración de 1 punto.
- Cada pregunta curta constará de varios subapartados que se calificarán de forma proporcional ata acadar o máximo. De forma que a suma de todos os subapartados correctamente contestados será de 1 punto.

O Tribunal establece que a data do segundo exame deste proceso selectivo será o vindeiro MARTES, 17 de OUTUBRO ás 09.00 horas no Salón de Plenos do Concello de Coristanco, sito en Avda. Fisterre, 112, 15147, Coristanco, e se procederá ao chamamento por orde alfabética.

Este acordo do tribunal será publicada no taboleiro de anuncios do Concello para público coñecemento.

E sen máis asuntos que tratar, o tribunal procede a levantar a sesión cando son as 14.30 horas.

GONZALEZ LOPEZ ELENA  
- \*\*\*7410\*\* el día  
09/10/2023 firmado  
con un certificado  
emitido por AC FNMT

Firmado por Mª  
DOLORES ANDRADE  
AMIGO - \*\*\*2073\*\*  
el día 09/10/2023  
con un

Firmado por VIEITO  
DIAZ LUZ MARIA -  
\*\*\*9940\*\* el día  
09/10/2023 con un  
certificado emitido

Firmado digitalmente por:  
ESCUDERO CAAMAÑO JOSE  
FRANCISCO - 33239228L  
Fecha y hora: 10.10.2023 12:19:39

Firmado por CARLOS LOPEZ  
GARCIA - \*\*\*1624\*\* el día  
10/10/2023 con un certificado  
emitido por AC FNMT